

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6462 *Lei orgánica 5/2021, do 22 de abril, de derogación do artigo 315, número 3, do Código penal.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

O noso constituínte definiu o modelo de Estado español como social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

Xustificado na necesidade de equilibrar a desigual estrutura no ámbito laboral, o desenvolvemento posterior do artigo 37 da Constitución levouse a cabo en relación co dereito á negociación colectiva e á adopción das medidas de conflito colectivo, así como co desenvolvemento xurisprudencial, ademais de co desenvolvemento da liberdade de sindicación, e estableceuse un sistema de relacións laborais máis democráticas para corrixir a asimetría das relacións laborais preexistentes a 1978.

Coa crise como oportunidade, desde a chegada ao Goberno do Partido Popular en decembro de 2011, iniciouse un proceso constante e sistemático de desmantelamento das liberdades e, especialmente, daquelas que afectan a manifestación pública do desacordo coas políticas económicas do Goberno.

A reforma laboral, que practicamente excluíu a negociación colectiva dos traballadores e que depreciou ou directamente eliminou outros moitos dos seus dereitos, non pareceu suficiente, e por iso reforzáronse, con ataques directos, todas as medidas que exteriorizaron o conflito, utilizando a lexislación en vigor, como a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e o artigo 315.3 do Código penal, no curto prazo, e traballando, no medio prazo, para despreparar un conxunto de leis que asfixian a capacidade de reacción, protesta ou resistencia da cidadanía e das organizacións sindicais, cara ás políticas do Goberno.

Así, aplicouse a forma agravada de coaccións prevista no artigo 315, número 3, do Código penal, sobre a máis atenuada de coaccións xenéricas, aínda que na maioría dos casos os feitos non poidan ser entendidos como violentos ou coactivos e, en consecuencia, como un risco certo para a integridade das persoas ou dos bens ou instalacións onde se desenvolven. Con esta aplicación da lei tratouse de disuadir os cidadáns de exercer o seu dereito á folga e, en consecuencia, a súa liberdade sindical.

Ben que a Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, veu mitigar a resposta punitiva da lei, esta non dá unha resposta proporcionada, nin engade nada novo nin necesario tendo en conta a finalidade que a norma atendía. Por iso, o artigo 315.3 do Código penal debe desaparecer do noso ordenamento punitivo, pois o xenérico delito de coaccións xa protexe de maneira adecuada a liberdade de non facer folga.

Doutra parte, todas estas actuacións non se axustan nin ás previsións do noso sistema constitucional nin ás obrigacións que ten España como signataria dos distintos textos nados na Organización Internacional do Traballo.

Finalmente, foron as razóns antes expostas e unha forma de interpretación do delito, que ampliou a súa aplicación en sentido contrario a como se debería interpretar tendo en conta a doutrina constitucional existente sobre el e o deber de todo intérprete de evitar que

a interpretación da norma disuada do exercicio do dereito fundamental que limita, as que nos levan á necesidade de propoñer a supresión deste precepto.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Suprímese o número 3 do artigo 315 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Disposición transitoria única. *Revisión de sentenzas.*

Os xuíces ou tribunais procederán a revisar as sentenzas firmes ditadas de conformidade coa lexislación que se derroga.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de abril de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN